



O acto terá lugar o **luns, 3 de xullo de 2017**, a partir das **10:00 h** no salón de actos do **Centro de Investigación Forestal de Lourizán** da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia
Carretera de Marín Km 3,5 36153-Pontevedra
(España)

Teléfono: 986-805000

Xornada conmemorativa
I Centenario do pasamento
de
Baltasar Merino, S.J.
(1845, Lerma – 1917, Vigo)
autor da *Flora de Galicia*

Lourizán, Pontevedra
3 de xullo de 2017, 10:00 h.





Coincidindo co pasamento de **Baltasar Merino y Román, S.J.** (3 de xullo de 1917), o Centro de Investigación Forestal de Lourizán quere colaborar co nomeamento do mesmo como Centífico *Galego do ano 2017* pola Real Academia Galega de Ciencias.

O 'Padre Merino', tal como é máis coñecido, escribiu a única flora da nosa terra, titulada *Flora Descriptiva e Ilustrada de Galicia* (1905-1909), e recolectou un total de uns 17.000 pregos de herbario, dos que algo máis de 12.000 atópanse no Herbario LOU do Centro de Investigación Forestal de Lourizán.

Nestas conferencias que componen a Xornada, queremos lembrar non só o seu traballo botánico, senón tamén outros aspectos a súa vida e obra, e a implicación que tiveron os seus estudos e de descubrimento, máis alo do simple coñecemento científico.

ACTO DE INAUGURACIÓN. 10:00 h

- D. Tomás Fernández-Couto Juanas, director xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural
- D. Miguel A. Ríos, Fernández, Presidente da Real Academia Galega de Ciencias
- D. Pedro Armada y Díez de Rivera S.J., de la *Societas Jesu* en Galicia
- D. Enrique Martínez Chamorro, director do Centro de Investigación Forestal de Lourizán
- D. Francisco Javier Silva Pando, xefe do Departamento de Ecosistemas Forestais



RELATORIOS

10:30 h. Francisco Javier Silva Pando – Xefe do Departamento de Ecosistemas Forestais do CIF Lourizán

Vida e obra de Baltasar Merino. Fitos biográficos de Merino e orixe da súa formación como investigador. Obras publicadas e resumo de resultados.

11:00 h. Francisco Díaz-Fierros Viqueira. Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola. Universidade de Santiago de Compostela.

O Pai Merino como meteorólogo e ecólogo. Traballos realizados no Observatorio Meteorolóxico de Camposancos e recomendacións sobre o seu uso. As relacións meteoroloxía-flora.

11:30 h. Manuel Laínz Gallo.

El Padre Merino en su circunstancia investigadora (1966) de Manuel Laínz Gallo, S.J., leído por F. Javier Silva Pando.

12:00 h. Descanso y café

12:30 h. Javier Amigo Vázquez. Profesor titular do Departamento de Botánica, Universidade de Santiago de Compostela.

O P. Baltasar Merino e a xeobotánica galega. Máis alá da Flora de Galicia. Influencia de Merino sobre os botánicos que lle seguiron, no coñecemento da Flora e a Vexetación.

13:00 h. Rubén Pino Pérez. Investigador do Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo. Universidade de Vigo.

Os herbarios de Baltasar Merino. Xénese dos herbarios confeccionados por Merino ao longo da súa vida, ubicación e composición dos mesmos. Método de traballo.